



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 4/2019

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 25 DE ABRIL DE 2019

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- PASE Á CONDICIÓN DE NON ADSCRITA DA CONCELLEIRA D.ª ROSA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
- I.3.- CONCESIÓN DOS VIII PREMIOS NIGRÁN (2019)
- I.4.- REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE PORTO DO MOLLE
- I.5.- AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA PROVINCIAL EP. 2102 (NIGRÁN-VINCIOS)
- I.6.- AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA PROVINCIAL EP.2106 (MALLÓN-AREIÑA)

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- COMPARECENCIA ANTE O PLENO DO CONCELLEIRO DE URBANISMO, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E PERSOAL
- II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.ª Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

-Non adscrita:

- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez

--





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 25 de abril de de 2019
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán.
- *Carácter da sesión:* Ordinario.
- *Convocatoria:* Primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 23:22
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Asistentes:* 16
- *Non asiste:* D.^a Ana Pérez Pérez.

Incidencias: No transcurso da comparecencia do Concelleiro Delegado de urbanismo, mobilidade, medio ambiente e persoal abriuse unha paréntese para debater sobre a situación de deterioro da rúa Otero Pedrayo e as posibles solucións.

--

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 1 de abril de 2019.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 1 de abril de 2019 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros presentes da Corporación.

I.2.- PASE Á CONDICIÓ DE NON ADSCRITA DA CONCELLEIRA D.^a ROSA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.

Dáse conta ao Pleno do escrito de 2 de abril de 2019 (entrada nº 4004) mediante o que a Concelleira *D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez*, que pertencía ao grupo Popular, solicitou o seu pase Concelleira non adscrita a partir daquela data.





I.3.- CONCESIÓN DOS VIII PREMIOS NIGRÁN (2019)

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de abril de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

“Con data de 1 de abril de 2019 a Comisión de valoración para a concesión dos VIII premios Nigrán procedeu a apertura dos sobres proposta presentadas por varios colectivos do municipio:

05/02/19 Grupo Municipal do Partido Socialista
14/02/19 Centro Juan María
06/03/19 A. Veciños A Unión
07/03/19 A. V. “Monteferro” de Panxón
07/03/19 S. D. Bolos do Ceán
07/03/19 Asociación Cultural “O Torreiro” Priegue
08/03/19 Grupo Municipal UCN
08/03/19 Asociación de Veciños “A Camoesa”
08/03/19 Panxón Nigrán Fútbol Sala

Unha vez revisados e configurada unha táboa coas diferentes propostas formúlase ó Pleno a seguinte proposta de concesión de Premios Nigrán 2019:

Social	Sociedad Deportiva Juan María.
Educativo	Escola Infantil Galiña Azul.
Empresarial	RODOSA
Cultural	Asociación Cultura Breogán Valle Miñor.
Deportivo	Club de xadrez Laroca.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Menciona a reunión da Xunta de Portavoces e a proposta que formulou, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están a favor. Pide que se respecte o feito de que sexa o día de reflexión previa ás Eleccións e que non se converta nun acto político do goberno, como pasou coa gala do deporte.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Está de acordo co sinalado polo portavoz de Nigrán Decide, e na crítica ao goberno pola pasada gala do deporte. Por isto fixo a denuncia na Xunta Electoral.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: A data sempre foi esta, pero as formas deben cambiar e non ser patrimonializado polo goberno. Os galardoados debían ser os protagonistas.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Temos un problema cos actos institucionais nos que o goberno, ademais de invitar formalmente a todos os corporativos non debe actuar deste xeito.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, Concelleira non adscrita: Suxire que no futuro, na gala do deporte, haxa unha participación de todos os grupos. Nos premios Nigrán a data debeuse adiantar para evitar conflitos deste tipo.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PSOE; PP; Nigrán Decide, UCN, BNG e Concelleira non adscrita.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE PORTO DO MOLLE

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de abril de 2019, á vista da iniciativa do grupo BNG, ditaminou o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O muíño de Porto do Molle é un Ben de Interese Cultural (BIC) que leva en ruínas máis de trinta anos. É un dos máis grandes da comarca, con 25 metros de lonxitude, estimándose a súa orixe no século XVIII, destacando os tres arcos de medio punto polos que pasaba a auga. A levada que o abastecía, así como a canalización que devolvía a auga ao río Muíños, quedaron xa soterradas coas obras e movementos de terras no parque empresarial.

Dado o seu evidente interese etnográfico e cultural, ademais da ineludible responsabilidade que Zona Franca ten na súa conservación, xa durante o desenvolvemento do parque empresarial, no ano 2013, se elaborou un proxecto para a súa rehabilitación. Proxecto que, pese a transcorrer 6 anos, nunca se levou a cabo, permanecendo neste tempo, e dependendo das épocas, nun total abandono e incluso invadido pola maleza.

O ano pasado produciuse o cambio da persoa que ostenta a delegación do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo. O novo Delegado, Don David Regades, aos poucos meses de ser designado, acudiu en compañía do goberno municipal de Nigrán a visitar o muíño e fotografarse diante del, anunciando o concello, a través dos medios de comunicación, que Nigrán e Zona Franca chegaran a un acordo para a súa rehabilitación.

Transcorrido máis de medio ano dende ese momento, a realidade é que non se materializou ningunha acción para levala a cabo, e iso pese a que Zona Franca si destinou grandes cantidades de diñeiro, no pasado e na actualidade, a actuacións que ten que ver con inmobles históricos. Valga como exemplo a rehabilitación da Casa do Reloxo en Baiona, por un importe próximo ao millón de euros, ou a tamén millonaria inversión prevista na compra do edificio do antigo reitorado en Vigo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Mentres, o Consorcio elude acometer un proxecto de menos de 200.000 euros en Nigrán, para rehabilitar un Ben de Interese Cultural e o seu entorno situado no Parque Empresarial de Porto do Molle.

Por todo isto, a Corporación Municipal de Nigrán adopta o seguinte:

ACORDO

1. Instar ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a que proceda ó financiamento da rehabilitación do muíño de Porto do Molle e o seu entorno, Ben de Interese Cultural situado no referido parque empresarial.
2. Dar traslado do presente acordo, ademais de a institución, ao Presidente do Consorcio da Zona Franca de Vigo, Don Abel Caballero Álvarez, e ao Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, Don David Regades Fernández."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Le a moción. Trátase de evitar agravios a Nigrán pola forma na que a Zona Franca leva a cabo investimentos deste tipo.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: É un vello compromiso da Zona Franca que redactou o proxecto e que estaba unicamente pendente duns permisos. Non cabe que sexa o Concello quen o financie, e menos con cargo á débeda que a Zona Franca ten con nós. Pensa que o tema dos permisos debe estar resolto.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Apoian a proposta.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Mantén o apoio prestado na Comisión. A necesidade de restauración é evidente e debe financiarlo o Consorcio, sen pretender usar recursos municipais. Tamén temos pendente o tema do almacén, que non se pode esquecer.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, Concelleira non adscrita: Lamenta a situación deplorable do Muíño. Parte dos danos derivan das obras no polígono. Votará a favor.

Sr. Alcalde-Presidente: Apoian a iniciativa esperando que este acordo axude.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PSOE; PP; Nigrán Decide, UCN, BNG e Concelleira non adscrita.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.





I.5.- AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA PROVINCIAL EP. 2102 (NIGRÁN-VINCIOS)

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de abril de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo UCN:

“Exposición de Motivos:

1.- El vial intermunicipal y de titularidad Provincial EP.2102 sirve como vía comunicación entre los municipios de Nigrán y Gondomar, así como también resulta fundamental como vía vertebradora entre las parroquias interiores del municipio de Nigrán, en concreto, entre las parroquias de Camos y Chandebrito, especialmente esta última, ya que es el único vial de acceso que comunica con el centro urbano del municipio, así como con el municipio de Gondomar (enlace con Vincios), y también con Vigo, a través de la ctra. (Fragoselo-Coruxo), pero que en la actualidad -dada la gran afluencia de tráfico-, resulta sumamente peligroso y tercermundista, no solo para la circulación rodada sino también para peatones, ya que el ancho de calzada en la mayoría del trazado apenas alcanza los 6 metros de sección y que en todo su recorrido abundan curvas con elevada peligrosidad que ni tan siquiera dispone de arceles para que los peatones puedan disponer de un mínimo de seguridad, por lo que resulta toda una aventura desplazarse por ésta vía interubana.

2.-El citado vial se mantiene inalterable durante los últimos 25 años y que únicamente se llevaron a cabo pequeñas intervenciones puntuales, pero sin llegar a resolver el principal problema de seguridad viaria que presenta, añadido en los últimos años con la presencia de un centro escolar en la parroquia de Chandebrito al que acuden a diario alumnos procedentes de distintos lugares del municipio, por lo que se ven obligados a circular por una vía de extrema peligrosidad y elevado riesgo para vehículos y peatones.

3.- La carretera EP.2102 forma parte de la Red de estradas Provinciales y recogida en las actuales Normas Subsidiarias de Planeamiento urbanístico del Ayuntamiento de Nigrán (NNSS) actualmente en vigor, donde figura como retranqueo para línea de cierre a 10 metros del eje de la calzada, en aplicación de la normativa sectorial correspondiente, pero, sin embargo, apenas alcanza los 6 metros de ancho y dos carriles de circulación, inferior a muchos caminos vecinales del municipio, lo que resulta intolerable.

4.- Hay que tener en cuenta que gran parte de su trazado discurre por zonas de monte, por lo que su ampliación y eliminación de curvas peligrosas resulta fácil de acometer desde el punto de vista técnico y es imprescindible realizar con urgencia, dado que tampoco existen elementos ni servicios a reponer que lo dificulten, por lo que resulta incomprensible la desidia que la Diputación Provincial mantiene con los vecinos de Nigrán, y en particular a los de Camos y Chandebrito, máxime teniendo en cuenta la condición de Diputado Provincial que ostenta el alcalde Juan González, miembro también de la Junta de Gobierno, por lo que debería haberse preocupado durante la legislatura y velar por la seguridad de los vecinos.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, ACUERDO:

ÚNICO.- Instar a la Diputación Provincial para que de forma URGENTE redacte el correspondiente proyecto técnico constructivo de las obras de ampliación y mejora de la seguridad vial en la carretera Provincial EP.2102 (Nigrán-Vincios), así como la corrección de curvas peligrosas, para proceder a la inmediata licitación de las obras, por tratarse de un vial intermunicipal muy peligroso, no solo para la circulación rodada sino también para peatones, ya que el ancho de calzada actual es de apenas 6 metros de sección en dos carriles de circulación y que ni tan siquiera dispone de arceles para que los peatones puedan disponer de un mínimo de seguridad, lo que produce





extrema inseguridad y riesgo, agravado con la existencia de un centro escolar que es su principal vía de acceso.”

Deliberación conxunta dos puntos I.5 e I.6.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Inicia a lectura da moción.

Sr. Alcalde-Presidente: Suxire debater en conxunto este punto e o seguinte da orde do día, aínda que mantendo as votacións separadas.

Sr. Fernández Comesaña: Continúa a lectura da moción. A cuestión ven de antigo, pero a Deputación non ten feito nada nos últimos catro anos. É unha vía que utilizada por moitos usuarios e as súas condicións non son as axeitadas. Acto seguido, expón a moción referida á estrada provincial Mallón-Areiña. O seu carácter semi-urbano pode dificultar a actuación, pero isto non debe impedir que se arranxe. Ao igual que no caso anterior tamén convén que o BNG se implique dado o seu papel na Deputación.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: A complexidade das circunstancias nas vías debe estudala a Deputación. Que o Concello o pida é lóxico. A seguridade vial non só é cuestión de poñer lombos, senón de tomar as medidas axeitadas. Están a favor.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Apoian ás dúas mocións. A situación das estradas require actuacións e pide que se trasladen oficialmente os acordos.

D. Xavier Rodríguez Fernénzar, do grupo BNG: Ao representante do BNG na Deputación, relacionado con esta materia non se lle remitiu ningún escrito. Parece que se vai facer agora por primeira vez. Os tipos de actuacións non son semellantes en cada vía, pero as dúas son moi necesarias. Se a súa complexidade o require poderían realizarse por fases.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, Concelleira non adscrita: A estrada a Vincios está provocando saídas da vía, co agravante de que non hai árbores que deteñan as caídas. O arranxo que se fixo non foi adecuado. Todo o que implique mellora vaino apoiar.

Sr. Fernández Comesaña: Os escritos tamén puido presentalos o propio representante do BNG. O PP tamén ten parte de culpa e a escusa da complexidade non é suficiente. Se antes non se fixo, agora hai que volver a intentalo.

Sr. Alcalde-Presidente: Cando as propostas son razoables o lóxico é apoialas, con independencia da cor da administración afectada. Por isto tamén apoian estas mocións.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PSOE; PP; Nigrán Decide, UCN, BNG e Concelleira non adscrita.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.





I.6.- AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA ESTRADA PROVINCIAL EP. 2106 (MALLÓN-AREIÑA)

Previa declaración de urgencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de abril de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo UCN:

“Exposición de Motivos:

1.- El vial de titularidad Provincial EP.2106 (Mallón-Areiña) sirve como vía comunicación intermunicipal entre Nigrán y Gondomar, así como también resulta fundamental como vía vertebradora entre las parroquias interiores del municipio de Nigrán con el litoral costero pero que en la actualidad -dada la gran afluencia de tráfico- resulta sumamente peligroso, no solo para la circulación rodada sino también para peatones, ya que el ancho de calzada en la mayoría del trazado apenas alcanza los 6 metros de sección en dos carriles de circulación con elevada peligrosidad que ni tan siquiera dispone de aceras ni arcenes para que los peatones puedan disponer de un mínimo de seguridad, por lo que resulta toda una aventura desplazarse por ésta carretera que discurre entre San Pedro y Parada.

2.- La carretera EP.2106 forma parte de la Red de estradas Provinciales y recogida en las actuales Normas Subsidiarias de Planeamiento urbanístico del Ayuntamiento de Nigrán (NNSS) actualmente en vigor, donde figura como viario del tipo II en aplicación de la normativa sectorial correspondiente, que apenas alcanza los 6 metros de ancho y dos carriles de circulación, inferior a muchos caminos vecinales del municipio, lo que resulta incomprensible.

3.- Hay que tener en cuenta que a través de éste vial se accede a la Iglesia parroquial de San Pedro, así como al centro escolar de Vilariño y también al campo de fútbol, y al mismo tiempo también resulta como vía alternativa de acceso a las playas para evitar el colapso que suele producirse en verano en el cruce de A Ramallosa, canalizando así un flujo de tráfico muy elevado por un vial sumamente estrecho, carente de aceras y de las mínimas normas de seguridad y accesibilidad, por lo que no solo comporta riesgo para la circulación sino también para peatones.

4.- Obra en poder el Ayuntamiento de Nigrán desde diciembre de 2006, un proyecto técnico redactado para la mejora del citado vial desde el enlace con la PO-552 en Mallón hasta el cruce la rúa Padres Franciscanos, sin embargo, a pesar del tiempo transcurrido todo sigue igual, por lo que resulta incomprensible la desidia que la Diputación Provincial mantiene con los vecinos de Nigrán, y en particular a los de Parada y San Pedro, máxime teniendo en cuenta la condición de Diputado Provincial que ostenta el alcalde Juan González, miembro también de la Junta de Gobierno, por lo que debería haberse preocupado durante la legislatura en mejorar las infraestructuras viarias de titularidad Provincial.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, A C U E R D O:

ÚNICO.- Instar a la Diputación Provincial para que de forma URGENTE proceda a la humanización y mejora de la seguridad vial en la carretera Provincial EP.2106 (Mallón-Areiña), por tratarse de un vial intermunicipal y vertebrador del municipio con elevado tráfico y muy peligroso, no solo para la circulación rodada sino también para peatones, cuyo ancho de calzada apenas supera los 6 metros de sección en dos carriles de circulación y que no dispone de aceras lo que conlleva un elevado riesgo e inseguridad para vehículos y peatones, por lo que resulta sumamente necesaria la mejora ésta infraestructura viaria de titularidad Provincial.”

Deliberación. Consta no punto anterior, xa que se debateu conxuntamente con este.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Votos a favor: 16 ; PSOE; PP; Nigrán Decide, UCN, BNG e Concelleira non adscrita.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18 de marzo de 2019 (n.º 2019000563) e o 15 de abril de 2019 (n.º 2019000798), ambos incluídos.

II.2.- COMPARECENCIA ANTE O PLENO DO CONCELLEIRO DE URBANISMO, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E PERSOAL

Antecedentes:

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 1 de abril de 2019, á instancias do grupo Nigrán Decide, acordou solicitar a comparecencia de D. Diego García Moreira, Concelleiro de Urbanismo, Mobilidade, Medio Ambiente e Persoal, para responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación, con especial referencia á tramitación do PXOM

Síntese das intervencións:

1. D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

1.1. Sobre o plan de mobilidade que se contratou o 7 de marzo, nos pregos fala da realización dunhas enquisas durante días normais e festivos, tendo en conta as casuísticas estacionais. Cantas enquisas se fixeron?

D. Diego García Moreira, concelleiro de Urbanismo, Mobilidade, Medio ambiente e Persoal: O plan de mobilidade ten unha prórroga, a subvención foi prorrogada pola Deputación, o que aplaudimos, porque iso nos vai permitir facer esas enquisas durante a etapa de verán e poder contrastar os datos de mobilidade, de persoas, etc, no inverno e no verán. Están agora mesmo traballando e seguirán traballando nos próximos meses.

1.2. Sobre persoal. Cal é o convenio de aplicación aos contratados laborais como conserxes no Concello de Nigrán? Me refiro a un traballador que é contratado laboralmente como conserxe no Concello de Nigrán.





Sr. García Moreira: Depende, porque pode ser contratado por unha acumulación de tarefas e entón estamos falando dun funcionario interino, co cal non é de aplicación ningún tipo de convenio laboral.

Sr. Alcalde-Presidente: Pide ao interpelante que se cinga ao PXOM.

1.3. Que razóns legais permiten introducir cambios no PXOM aprobado inicialmente?

Sr. García Moreira: Primeiro volvo a recordar as etapas da tramitación dun Plan Xeral. Desde que se inicia a tramitación dun Plan Xeral empézase cun borrador de proxecto, apróbase inicialmente no Pleno, nese momento, que aquí foi en 2013, preséntanse alegacións, sométese ese documento a unha serie de informes dos diferentes organismos sectoriais, consellerías e demais, e todo iso se refunde nun documento que posteriormente terá que ser validado na aprobación provisional no Pleno e reenvialo á Xunta de Galicia para aprobación definitiva. Desde que se aproba inicialmente, se expón ao público e hai alegacións, esas alegacións teñen que ser analizadas e, se corresponde, aceptalas ou non. Hai informes sectoriais que mandan cambiar unha serie de elementos ou matizar outros ou establecer uns novos. Por exemplo no caso de Patrimonio os elementos catalogados que aparecían orixinalmente, cando o plan se aprobou inicialmente, eran moitos menos dos case 600 que hai a día de hoxe, co cal hai 600 novos elementos no Plan Xeral que non estaban catalogados. O Plan Xeral sofre cambios desde que se aproba inicialmente. Lóxico, senón non se podía aprobar.

Sr. Cuevas Raposo: Entendo entón que as causas de que se modifique desde a aprobación inicial á seguinte derivan dos informes sectoriais ou das alegacións que presentaron os interesados.

Sr. García Moreira: Ou propostas técnicas ou erros.

Sr. Cuevas Raposo: O de propostas técnicas é outro PXOM. Eu non o atopei na lei. O problema do PXOM é que están introducindo cambios, que, polo menos, van a ter que levar a unha exposición pública nova. Como ben dixo o Alcalde nunha ocasión, é outro plan. Ao mellor están tirando co traballo que se fixo.

1.4. Nas reunións polas parroquias afirmouse que os núcleos rurais non poden crecer cara os ríos. É certo iso?

Sr. García Moreira: Con relación aos cambios do Plan Xeral, creo que vostede non é xurídico; e segundo, quen ten que dicir se un plan cae ou non cae son os xulgados, non un corporativo, ningún concelleiro de algún Concello. A nivel xurídico, hai moitos plans que sofren cambios na súa tramitación e non necesariamente caen por iso. O Plan Xeral de Vigo incorporou ámbitos de vivenda protexida en tódolos ámbitos a desenvolver e non caeu xuridicamente por ese aspecto. Caeu por un informe do que non se xustificou a súa urxencia e por que non se emitiu. Aí houbo un cambio substancial. Aquí tamén se debateu no seu momento se o vial famoso que ao final retirouse era un cambio sustancial para que se fixera unha exposición ao público ou non. Xuridicamente no Concello estiveron revisando ese asunto, se incluso podía ser





un elemento de causa para unha exposición ou non. Non se chegou a ningunha conclusión determinante, polo que é un pouco irresponsable, arriscado, mencionar nun Pleno que poida caer un plan porque se introducen cambios derivados de alegacións de veciños. Na acta do mes de maio de 2018 o seu grupo votou en contra da cesión do Plan Xeral. Me parece moi curioso que agora precisamente sexa o seu grupo o que defende o Plan Xeral, cando votan sistematicamente en contra da modernización das normas urbanísticas, da aprobación do Plan Xeral, ou da súa cesión.

Sr. Cuevas Raposo: Non poña palabras na miña boca que non son certas. Acaba de dicir que eu dicía que podía ter problemas xurídicos derivados de modificacións de alegacións. Iso é mentira, porque eu non dixen iso. Eu dixen que pode ter problemas porque hai modificacións que non son derivadas nin de informes sectoriais nin de alegacións. Sobre a votación da cesión, o tempo nos está dando a razón. Nós votamos en contra da cesión do contrato a esta empresa entre outras cousas, porque considerábase que polo prezo do contrato non se ía facer o PXOM. O PXOM desde que se aprobou a cesión tiña un prazo de entrega de tres meses, levamos un ano practicamente e seguimos igual. O que nós dicimos é que hai que aproveitar o que había e contratar unha empresa con máis cartos na mesa e que se poida por a rematar o PXOM dunha vez. Respecto á votación da modificación das Normas Subsidiarias, porque se fai unha modificación de ordenanzas que vai permitir que haxa camiños de tres metros ou catro. E aproveito para dicir que se nos presentou á Comisión informativa un documento de seiscentas páxinas que se aprobou, e cando nos mandan o documento para aprobar no Pleno, meten un informe do Secretario dicindo que esas condicións non se podía aprobar, e o goberno o ocultou. Esa é a transparencia deste goberno. Non me contestou se poden crecer cara aos ríos os núcleos rurais.

Sr. García Moreira: Xa debatemos unha vez sobre o que se dicía nas parroquias, e isto volve a ser o mesmo. Nunca se dixo en ningunha parroquia que os núcleos rurais non puideran crecer cara os ríos. Cando hai un curso de auga oficial, e que Augas de Galicia ten constancia, hai unha zona de protección que vai a cen metros a ambos lados dese curso de augas. Isto significa que nun núcleo rural existente e non edificado, se parcelas dentro do núcleo queren crecer cara o río non se vai a permitir. O único que se permite é recoller, se xa existe, unha vivenda porque é antiga e está pegada ao río, pódese recoller no núcleo, pero non se pode estender o núcleo a parcelas baleiras. Ten unha explicación moi sinxela, consolidaría novas ou futuras construcións nunha zona que está como POL, como zona de protección dos cursos. Ademais os regatos, ríos, cursos de auga non os marca o Concello, márcalos Augas de Galicia.

Sr. Cuevas Raposo: En Vilameán crece cara ao río. Faise un polígono de desenvolvemento de solo de núcleo rural. Coñece iso?

Sr. García Moreira: Depende do grado de consolidación do núcleo. Iso hai que telo en conta. Creo que PERIs rurais había só dous e estaban en zonas onde xa estaba consolidado o núcleo, non podía existir solo rústico porque nas cercanías xa estaba consolidado ou era unha zona considerada urbana, ou había solos urbanos delimitados.





1.5. Enviouse xa o PXOM a algún organismo máis?

Sr. García Moreira: Volvo a aclarar o de Patrimonio. Segundo a propia lei súa e creo recordar que a Lei do Solo tamén o incorpora, ten tres meses para emitir o informe, e senón, poderíase continuar a tramitación dese expediente. O que non di a lei é se posteriormente se emite ese informe de Patrimonio e hai algo que modificar, algo que corrixir, ou favorable condicionado a que incorporem unha serie de correccións ou elementos, ese informe ten validez plena. Entón en busca da maior seguridade xurídica do documento, é responsable esperar. Ademais Patrimonio xa está informando o documento a día de hoxe, co cal, é máis responsable esperar e continuar coa tramitación ordinaria. Con relación aos demais informes, enviáronse esta mañá, a providencia está asinada, as contestacións aos informes de Costas e Portos, tanto do Estado como da Xunta de Galicia.

Sr. Cuevas Raposo: Vexo unha contradición. Por que se envía agora a Costas e Portos senón temos o informe de Patrimonio? Porque non se enviou o 17 de outubro, cando se enviou a Patrimonio?

Sr. García Moreira: Son informes independentes con elementos independentes.

Sr. Cuevas Raposo: A pregunta é sinxela. Temos un documento que é o PXOM, fago tres copias, unha mándolla a Patrimonio, outra mándolla a Costas e outra a Portos. Non teño que esperar a que informe Patrimonio. Por que non se enviou o 17 de outubro a Costas e Portos?

Sr. García Moreira: A documentación que se envía a Patrimonio é independente e, polo tanto, o contido desa información non é exactamente o mesmo, porque por exemplo Patrimonio fixo un requirimento concreto que viña a dicir que faltaban elementos por catalogar. Entón mandáronse a Patrimonio eses novos elementos catalogados. Iso non llo mandamos a Costas do Estado. Cando estea a documentación que pediu Costas do Estado, enviaraselle.

Sr. Cuevas Raposo: O informe de Patrimonio di claramente que se lle envíe a documentación do PXOM. É completa, non se lle manda unha parte a uns e outra parte a outros. A documentación que se enviou hoxe a Costas é diferente á que se lle enviou a Patrimonio?

Sr. García Moreira: O Plan Xeral non muda polo camiño, é un documento que está custodiado. Non é un documento único, son varios planos. O que se lle enviou a Patrimonio foi o que eles pediron que se corrixira, neste caso un catálogo de bens. A Costas non lle imos a mandar iso porque Costas non pediu iso. É revisado polos técnicos municipais para que todo estea correcto e cada cambio que se introduce ven referendado por un informe que xustifica porque ese cambio. Cambios no sentido de, antes había cen elementos protexidos, agora hai cincocentos. Cambiaron os elementos protexidos. Cambiouse o elemento "x" na aliñación da servidume de costas.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Cuevas Raposo: Entendo que agora mandouse a Costas un pedazo do que está colgado na páxina web do Concello, a Patrimonio mandouse outro, o do catálogo. Iso é o que estás dicindo.

Sr. García Moreira: Cada vez que un organismo emite un informe pide cambios nun documento. Se o documento é o 100% ao mellor os cambios afectan ao 1% ou 2% do documento. O que está colgado é o documento resultante da análise das alegacións de todos os veciños de Nigrán, pero sobre ese documento hai tamén envorcada a información de Patrimonio, que si se enviou, pero en Costas había algúns elementos máis como informes, xustificacións, etc, que ao mellor non están colgados. Se o que están preguntando é se se enviou a Costas un cambio substancial no Plan Xeral que non está colgado e que cambiará por completo a ordenación, non, está claro que non.

Sr. Cuevas Raposo: Mañá vou solicitar copia da documentación que se mandou a Costas. Non a imos publicar en ningunha web. Está na web do Concello non fai falta máis. Espero que nos cinco días de prazo que di a lei que temos dereito a recibir a documentación que se nos envíe.

Sr. García Moreira: En relación aos informes, coas Normas Subsidiarias, por exemplo, houbo que enviar unha corrección que pedía AENA, que pediu unha modificación pola servidume aérea que hai en Chandebrito. Ese tipo de correccións son as que hai que mandar moitas veces aos organismos. Ás veces de sentido técnico, non afectando a planos.

Sr. Cuevas Raposo: O que si queda claro é que o PXOM, pasados máis de tres meses de que a empresa tiña que telo listo para aprobación provisional aínda non o ten. Parece ser que a empresa aínda non entregou as modificacións da Axencia Galega de Infraestruturas e de Augas de Galicia.

Sr. García Moreira: Están no Concello, están sendo analizadas polos técnicos para se reenviar o máis rápido posible. Recordo no tema dos prazos outro erro común. Os prazos son de tres meses, pero se un organismo bota cinco meses informando o documento, ese prazo non é imputable á empresa, hai que descontarlle ese prazo intermedio.

Sr. Cuevas Raposo: Iso o sei, pero tamén sei que a lei de procedemento administrativo di que un informe aos tres meses, por silencio administrativo, é favorable. Toda resolución que saia a partir desa ten que ser favorable, tamén o sei. A ver que di ese informe de Patrimonio.

2.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

Eu non me decatei de nada. Cando se formulou a comparecencia votamos a favor porque nos parece interesante unha comparecencia que dea luz a certas cousas. Tamén consideramos que chega moi tarde. A estas alturas pouco nos van servir as explicacións. Cando no último Pleno se falou da comparecencia dixemos que estábamos a favor, e que quedaba corto que solo fose o concelleiro o que comparecese, que debería comparecer o Alcalde e todo o goberno porque na maioría dos asuntos levaba catro anos desaparecido.





Economicamente este goberno ten unha capacidade que non tivo ningún goberno anterior, politicamente este goberno tivo unha oposición bastante débil e ao mesmo tempo, os medios de comunicación non lle fan o dano que lle puideron facer a moitos outros en temas transcendentais como o tema do Plan Xeral. Nese contexto teño unha única pregunta: Por que despois de seis anos desde a aprobación inicial do Plan Xeral non se aprobou o Plan Xeral en Nigrán?

Sr. García Moreira: Despois da aprobación inicial abriuse o período de alegacións que durou tres meses, e a análise das alegacións coincidiu coa quebra da empresa e había dúas alternativas. Empezar desde cero contratando unha empresa nova, podendo implicar redactar un Plan Xeral novo.

Sr. Valverde Pérez: O Alcalde reuniuse dúas veces coa Conselleira e se dixo que no prazo de dous anos aprobábase o Plan Xeral. Esas pedras no camiño que saíron, que foron a cesión do Plan Xeral a outra empresa, cun atenuante, a quen se lle cede son os mesmos técnicos, cousa que non pasou na outra cesión, axilizaría o proceso. Hai tempo máis que suficiente desde que se fixo incluso a cesión formal, para que hoxe nos decatemos de que hoxe mesmo ou onte se mandou un documento a informe. Pero se é unha modificación substancial que pon en risco seriamente un documento, porque ámbitos que aparecían con “x” metros cadrados agora aparezan cun 3000% máis. Iso si é unha modificación substancial, e esas modificacións non veñen das que dicía Cuevas. Non veñen xustificadas por alegacións dos veciños ou por modificacións que formulen os organismos sectoriais nos seus informes. O que formulaba Cuevas é que parece ser que hai ampliacións de determinados núcleos ou ámbitos, que non se xustifican. Se iso é verdade, falábase aquí do SUD 11, vinte nove mil e pico metros cadrados, a día de hoxe parece ser que son máis de 200.000 m². Alguén terá que xustificar iso. Non se está dicindo que sexa nin positivo nin negativo para Nigrán, posiblemente sexa positivo. A miña pregunta segue sendo a mesma. Non será que ao Alcalde politicamente suxeríronlle que non se aprobase antes das eleccións? O tempo me di que hoxe o Plan Xeral de Nigrán segue como estaba. Ese é o problema. E neste mandato estábamos nunhas condicións óptimas para aprobalo, porque ese goberno tiña neste lado os apoios suficientes. Non se aprobou o Plan Xeral máis por temas políticos que por problemas técnicos.

Sr. García Moreira: Cando chegamos aquí despois de dous anos de aprobar inicialmente o Plan Xeral continuamos coa tramitación. A partir do 2015 o problema principal é a quebra da empresa e os meses que se botan para poder ceder o contrato.

Sr. Valverde Pérez: Tardaron excesivo tempo en facer a tramitación da cesión, unha cesión que estaba informalmente feita.

Sr. García Moreira: Cedeuse o documento en maio de 2018 e en setembro estábamos nas parroquias ensinando o documento e traballando co Plan, mostrando os cambios que se fixeran tras as alegacións. O que máis se tardou foi en cedelo, pero os únicos que votaron a favor da cesión foi o Partido Socialista, o resto ou se abstivo ou votou en contra. Perdeuse moitos meses de traballo aí.





Sr. Valverde Pérez: Na anterior cesión, eu nesa posición de responsabilidade tiven que pelexar mediaticamente e politicamente. Os que estaban aquí non se abstiveron para axudar, ían en contra. Incluso fíxose a aprobación nun salón de actos que no mandato anterior o grupo que ti representas dicía que había que facelo alí para que entrara máis xente. Houbo que que pelexar coa empresa que tiña que ceder o contrato, que era unha UTE. Ademais conseguir unha empresa que asumise o contrato co prezo que tiña, que era un prezo ridículo para o traballo que había que facer, que aceptase baixo ese prezo as esixencias, contractuais e de traballo foi moi laborioso, co problema das “preferentes”, coa Policía Local e xente batendo nas ventás. E a oposición non regalaba nada, quentaba o asunto. Por que non se aprobou o Plan Xeral nos últimos catro anos cando había todo para que se puidese aprobar?

Sr. García Moreira: Cedeuse o contrato fai un ano, e desde fai un ano están xa feitos os informes necesarios para remitir aos organismos. Pode ser moito tempo un ano de tramitación ou pode ser pouco. Ata que non se cedeu non se podía avanzar.

Sr. Valverde Pérez: Como veciño de Nigrán, espero que no próximo mandato se tedes responsabilidades, aprobádeo nos dous primeiros anos. Despois se hai consecuencias políticas xa iredes atallando eses problemas.

Sr. Alcalde-Presidente: O Plan Xeral é un documento tan complicado que as normas que temos son da época de Avelino, que despois pasou José Villar, despois Manolo Rial, despois Alfredo Rodríguez, despois Efrén Juanes, despois Alberto Valverde, agora estamos nós e eu creo que todos estes alcaldes planificaron que ían aprobar un plan xeral e ningún o acabou de facer. Todos deron pasos, pero aprobar un Plan Xeral é moi complicado. Nestes catro anos que levamos nós non sei se se aprobou algún en Galicia, creo que un ou dous, e algún deles xa caeu xuridicamente. Que ninguén pense que aprobar o Plan Xeral é o mesmo que asfaltar un camiño.

3.- *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN :*

Non vou a interpelar ao Concelleiro de Urbanismo, porque eu sempre mantiven que o tema do Plan Xeral non se debe de utilizar politicamente como instrumento de confrontación. Como o sufrimos, son sensible a esta cuestión. Pero independentemente, aclarar que se citou desde que data está a tramitación. É certo que no 2008 empezou esta última tramitación, cun prazo de execución de 18 meses e case van 18 anos. Tamén se dicía que empezou no ano 1999. O portavoz do Partido Popular reprochaba a demora, eu tamén reprocho que se demore en exceso, pero creo recordar que no 2011, cando el tomou posesión como alcalde, as primeiras declaracións que fixo á prensa dixo que sería o primeiro alcalde que aprobe o Plan Xeral nesta lexislatura. Evidentemente non foi así, so houbo unha aprobación inicial no 2013 e, por desgracia, aínda seguimos. Dado que aquí comentou o concelleiro todas as dificultades e trabas, eu cada vez son máis partidario de que este tipo de documentos terá que tramitalos a Xunta, porque ao final utilizan aos concellos como pelotas de ping pong, que estamos perdendo o tempo e ao final hai poucos concellos en Galicia que o teñan aprobado. É máis, hai algún que leva máis de tres anos cunha aprobación provisional e esperando que a Xunta faga a aprobación definitiva. Este é un tema moi serio que se está dilatando e o próximo capítulo non sabemos cal é. Cando o problema nace mal de raíz, e eu dixen no 2008 que o problema era económico e agora se





recoñece que así era. Era malo con 200.000 euros, o gran problema que tiña o documento. Así cando saíu á licitación presentouse quen se presentou. Agora vai ser moito máis difícil por 90.000 que é o que falta por pagar por facer o que falta e corrixir cousas que estaban mal feitas desde a aprobación inicial. Eu sempre mostrei as miñas dúbidas de que isto fora adiante e ao mellor acabo acertando. Quedoume unha dúbida, aquí citouse que hai o temor de que se poidan estar facendo modificacións no documento sen que os cidadáns presentasen previamente alegacións no período de exposición pública. Se é así podería ser unha situación grave.

Sr. García Moreira: Rotundamente non, non hai modificacións á marxe dos trámites establecidos, que neste caso serían as alegacións.

4.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

4.1. O plan de mobilidade, que se está facendo? Cando en maio de 2016 se aprobara a moción do BNG de fomento dos desprazamentos sostibles, acordouse incluír no plan de mobilidade un específico plan de mobilidade no traballo, que entre outras medidas impulse o uso do transporte público, a bicicleta e o desprazamento a pé como medios para acudir a traballar, establecendo medidas para incentivalo. Este plan de mobilidade vai recoller un específico no traballo para o Concello?

Sr. García Moreira: Si o recolle.

4.2. A tenor do sentido en que se informaron as alegacións, este goberno está a favor da redución de porcentaxe de vivenda protexida respecto ao contemplado actualmente no plan?

Sr. García Moreira: Non. Pode haber algunha contestación puntual a algunha alegación, pero non é un criterio. Nin se comparte nin se deu ningunha directriz ao respecto. As alegacións foron contestadas polo equipo redactor e ata o momento foron contrastadas cos técnicos municipais de urbanismo. Incluso hai dúas ou tres alegacións en relación a unha zona de Patos que está incluso no mapa en branco, porque a raíz dunha alegación o equipo redactor non tiña claro e o estaba discutindo. Na esquina na que está a residencia de tempo libre e a casa e o bar que está ao lado, está en branco.

5.- D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, concelleira non adscrita:

5.1. El inventario de caminos creo que es necesario para la aprobación definitiva del Plan Xeral, en que situación está ahora mismo?

Sr. Alcalde-Presidente: Están os técnicos municipais rematándoo.

5.2. Sabemos como está el Plan Xeral, que no está. La modificación de las Normas Subsidiarias como va?

Sr. García Moreira: Están pendentes de chegar dous informes, un tardío de Patrimonio, que non ían emitilo e ao final emitírono e non se pode continuar coa tramitación sen ese informe. De feito a tramitación é máis rápida que a do Plan





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Xeral, enviásenlle as normas a unha Consellería e esa Consellería reparte ás demais e cando consideran que pasou o prazo legal estipulado máis unha marxe de seguridade, se alguén non emitiu o informe nos devolven o expediente ao Concello para que poida continuar. Fai un mes remitíronnos as normas para que continuáramos e nos indican que hai un informe de Patrimonio en camiño, que xa está asinado, que falta só que o referenden en Santiago que o manden para acá, cunha serie de apreciacións que hai que ter en conta. E tamén falta un de mobilidade da Deputación de Pontevedra que xa está elaborado que vai á Xunta de Goberno da Deputación desta semana.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai alegacións que xa están contestadas. Non sei se as de Nigrán Decide están entre elas.

Sra. Rodríguez Rodríguez: Entiendo que el informe que emite Patrimonio aunque tiene puntualizaciones non implicaría unos cambios excesivamente grandes en la modificación de las Normas Subsidiarias.

Sr. García Moreira: Comentóusenos que eran apreciacións sobre a protección dalgúns bens, pero que o informe ía a ser favorable condicionado a que incorporásemos esas apreciacións.

5.3. Con respecto a los informes del Plan Xeral que están pendientes de enviar, se enviarán ya?

Sr. García Moreira: O Plan nestes anos avanzou lentamente pero foi avanzando. Unha vez que chegue o visto bo destas áreas que faltan ten que ir a parte da memoria ambiental e xa estaría o documento preparado para traer a un Pleno. Os dous que quedaban por enviar, o da AXI e o de Augas de Galicia, que era un informe que á súa vez ten que facer a contrata municipal de auga para dar unha serie de datos para o equipo redactor poida incorporalos a esa contestación de Augas de Galicia. A Empresa xa ten toda a información para poder darlle o visto e praxe a Augas de Galicia. Por outro lado, o da AXI xa está aquí sendo revisado, porque era un tema de aliñacións de estradas da Xunta de Galicia e tamén necesitaban o visto e praxe non so do equipo redactor, senón tamén dos técnicos municipais e xa está revisado. É inminente que se envíen eses dous informes. Con estes dous e os que xa se enviaron os prazos son bastante máis optimistas.

II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:*

1.1. En el Pleno pasado solicité información sobre un muro de contención y cierre de una parcela situada en la carretera PO-552, un poco más abajo del cruce del Restaurante los Abetos y quedaron de mandarme un informe y todavía no me contestaron.

Sr. Alcalde-Presidente: Chegaron todos os informes sectoriais e xa teñen licenza desde fai máis dunha semana.





1.2. ¿Que pasa con la concesión del Playa? ¿Se resolvió ya la rescisión del contrato? ¿Se cobró el canon anual que debía? ¿Se le reclamó la fianza?

Sr. Alcalde-Presidente: Reclamóuselle todo, pero non é fácil.

Sra. Alonso Macías Jorreto: No está nada hecho. La fianza no le cubre ni el año y pico que debe.

2.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

2.1. Recordarle que cuando sacó la concesión alardeó de que por fin llegó usted y que iba a convertir esa instalación en una de verdad en la que se iba a cobrar el dinero de verdad, que el Concello de Nigrán iba a recaudar de verdad, no como hasta la fecha, porque nosotros solo cobrábamos un canon de 8000 euros, que usted puso un canon de 24.000, pero se olvidaba de que la obligación de la concesionaria era hacer la obra de la reforma.

2.2. ¿Me pueden contestar lo de la publicidad del pabellón? Había publicidad de empresas de Nigrán y ahora solo queda la de una entidad financiera.

2.3. ¿Por qué se rechazan las banderas azules para Nigrán?

Sr. Alcalde-Presidente: Non se rechazan, non se piden.

Sr. Valverde Pérez: ¿Porqué non se piden?

Sr. Alcalde-Presidente: Porque as bandeiras azuis son unha concesión que fai unha empresa privada que ten pouco que ver nin con cuestións medioambientais nin con cuestións de calidade e turismo nin ten nada que ver cunha administración, senón que é una empresa privada, sen criticar á empresa privada, que fai os seus traballos, os seus beneficios, que gana os cartos dunha maneira honrada, que é creando un produto que se chama bandeiras azuis, que en moitos concellos de España, entre eles o Grove desde fai anos, decidiron non solicitar porque non é un distintivo de calidade referendado por ningunha institución pública. Por enriba os últimos anos o que fai no verán de maneira continua é chantaxear coa retirada de bandeira por temas que moitas veces non teñen nada que ver nin co medio ambiente nin co cuidado, nin coa limpeza das praias, nin coa calidade das augas. É unha decisión política.

2.4. ¿Canto lle paga Nigrán a ADEAC, que é quen xestiona as bandeiras azuis?

Sr. Alcalde-Presidente: Nós non lle pagamos.

Sr. Valverde Pérez: Coñezo a ADEAC, coñezo como é o presidente, pelexei con el moitísimo e sei como funciona. De como funcione ou prestixio que representa podemos debater moitísimo. Se me quitan unha bandeira azul porque hai un vertido ou porque non hai socorristas teñen razón. Os concellos teñen que salvaguardar a seguridade, e para que haxa seguridade ten que haber un mínimo de efectivos que





non hai, e Protección Civil non se dedica a iso. Mediaticamente, turísticamente, a nivel de imaxe, é un distintivo a nivel internacional mundial. Repito que a nós fíxonos, con todo o respecto, a puñeta moitísimo. De feito o ano que conseguimos por primeira vez a bandeira azul para Area Fofa durounos uns días, porque unha noite alguén fixera unha fogueira, alguén chamou dicindo, á primeira hora da mañá, que había restos dunha fogueira e nos quitaron a bandeira, aínda que á media hora estivera resolto. Seguramente moitos tivemos a intención, a idea, as ganas de tomar esa decisión, pero creo que é como prestixio e imaxe suma para Nigrán, igual que suma para Baiona. Que o fixese o Grove a min dáme igual. É un distintivo que a nivel municipal, a nivel turístico, a nivel económico, a nivel comercial, para este Concello suma. Vostede foi moi crítico con nós cando non fomos capaces de conseguir a bandeira azul de Panxón, que non se deu por un vertido que houbo no ano 2008 e que tiñan que pasar catro ou cinco anos de ter auga en cantidade excelente, que a tiña. Deuse a bandeira azul a Panxón despois de moitos anos con vostede, o primeiro ano que chegou, porque pasara todo iso. Eu penso que deberíamos recapacitar. E aínda que ten razón no que di, tamén son un aliciente para ter as cousas en condicións. Eu solicito como rogo que reflexionen e que pensen nas consecuencias políticas, turísticas e de imaxe.

Sr. Alcalde-Presidente: Creo que non necesitamos moito aliciente e menos de ADEAC, para ter as praias en condicións. É unha empresa que defende intereses económicos propios.

3.- D^a. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:

3.1. El Concello de Nigrán tiene que pelear por sus intereses. Nigrán es un municipio turístico y tiene que pelear por los intereses económicos del turismo en Nigrán. Con ADEAC no hay que poner dinero, hay que trabajar. Pido que lo reconsideren.

3.2. El pabellón de deportes no está recepcionado, se está utilizando, muchos niños utilizan esa instalación y el seguro de responsabilidad civil no se hace cargo si pasa algo dentro de esa instalación municipal.

4.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

4.1. ¿La RPT para cuando?

Sr. García Moreira: Tiene una aprobación más corta que el Plan Xeral. Tenemos un documento consensuado que lo firmaron todos los sindicatos, vino al Pleno, se inició y a día de hoy si no está tramitado el expediente para pedir los perceptivos informes, está a punto de pedirse. A partir de ahí se continua.

Sr. García Pazos: Hace tres meses le pregunté lo mismo y me dijiste lo mismo.

Sr. García Moreira: Vino al Pleno de enero el inicio del expediente. Se aprobó, hubo una denuncia de la empresa redactora para poder cobrar su factura, porque había unos informes que decían que no era bueno pagarles, la empresa se fue al juzgado, el juzgado entró al fondo del asunto diciendo que se había hecho un trabajo, que ese trabajo estaba refrendado por unas mesas de negociación y como se había traído a





un Pleno se entendía que el documento estaba completo y que lo bueno era pagarlo. Cayó la sentencia y pese a que presentamos defensa jurídica el Ayuntamiento perdió. Nos tocó pagar y a partir de ahí ahora si tenemos un argumento de peso para continuar.

5.- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:

Con respecto a lo de las banderas azules, lo que se dijo de que Baiona pone un solo socorrista y Protección Civil, es una negligencia horrible. Tiene que haber dos socorristas por puesto, no porque lo diga la bandera azul, si no porque hay que hacerlo. Mejor que no haya bandera azul.

6.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

6.1. Que número de facturas e que contía económica suman aquelas que no día 23 de abril de 2019, cando presentei o escrito, ten pendente de abono o Concello de Nigrán a través dun previsible expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito?

Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei. Non recibín preguntas para este Pleno.

Sr. Cuevas Raposo: Fixesen vostedes que o 23 de abril, martes, ás 10 da noite rexistrei as preguntas. Compre destacar que cando se presentan por rexistro preguntas con 24 horas de antelación, o Alcalde ten a obriga de contestalas.

6.2. O Pleno do Concello en sesión plenaria do 28 de xuño de 2016 acordou instar á Xunta de Galicia a iniciar de xeito inmediato os trámites necesarios para a renovación de beirarrúas, instalacións de saneamento e abastecemento, así como a mellora do firme, implementando medidas de seguridade vial e a que unha vez rematadas as obras, ceda a rúa Otero Pedrayo ao Concello de Nigrán, que a partir dese momento será o encargado do seu mantemento e xestión. En que data remitíuselle á Xunta de Galicia dito acordo plenario?

Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei, será o departamento correspondente quen o remitiu.

Sr. Cuevas Raposo: Non o sabe, porque non o quere saber. Eu estiven falando con vostede no seu despacho e observei que ten unha secretaria da Alcaldía moi eficiente, porque cando fun a preguntarlle unha cousa díxome que os escritos xa os deixa no seu despacho. Cal é o número de rexistro do escrito de remisión do referido acordo? Non o sabe porque non quere contestar a estas preguntas. Eu creo que vostede non enviou ese escrito á Xunta de Galicia. O domingo pasado solicitei copia deste escrito e de todos os escritos que se lle enviaron á Xunta de Galicia e que foron recibidos, respecto á rúa Otero Pedrayo. Espero que mañá, que remata o prazo, me mande o escrito e tamén o escrito ao que se fai mención aquí, que se remitiu ao citado organismo un anteproxecto das obras necesarias para urbanizar dita estrada.

7.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:





7.1. Pide que se deixe constancia do que figura nun escrito ao que lle da lectura:

DON ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, CONCEJAL DEL PARTIDO UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN (UCN), DA CUENTA AL PLENO DE LA CORPORACION DE LAS SENTENCIAS ABSOLUTORIAS RECAÍDAS EN PROCESO JUDICIAL, POR UN SUPUESTO DELITO DE PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA CONTRA MI PERSONA, Y PARA QUE CONSTE EN ACTA, A CUYO FIN MANIFIESTO:

1.- Vengo a reiterar lo manifestado en el pleno de setiembre de 2015 (a raíz de nueva sentencia indemnizatoria), que como bien es conocido, tanto por los miembros de la Corporación como por la opinión pública, desde finales del mes de julio de 2010, me he visto envuelto en unos desagradables episodios (que he dado cuenta al Pleno de la Corporación en setiembre de 2010), que no solo han afectado a mi persona, sino también a funcionarios tanto de éste Ayuntamiento como de la Diputación, ahora ya jubilados, y por supuesto, ensuciado de alguna manera el buen nombre de Nigrán (por la descomunal repercusión mediática desplegada), con la única finalidad de causar el mayor daño personal y político al aquí compareciente.

2.- El procedimiento judicial arranca en el mes de noviembre de 2009 cuando el entonces concejal del PSOE Juan Hermida Lago, presenta denuncia ante la fiscalía, por haber conformado unas facturas referidas a la redacción del proyecto de "Mejora de la seguridad vial y dotación de servicios urbanísticos en la Rúa Manuel Prado (SAN PEDRO). Sin embargo, me acusaron de falsificador, de emitir facturas falsas de obras no realizadas e imputado por supuestos delitos de fraude y tráfico de influencias, cuando todo era mentira, incluso llegando a negar la existencia de los proyectos técnicos que si obraban en poder del Ayuntamiento, no solo uno, sino cuatro ejemplares desde el 12/12/2006, por lo que la Fiscalía llegó a solicitar mi inhabilitación para cargo o empleo público por un período de nueve años, así como prestar declaración ante el Seprona, habiendo sido víctima de una persecución y linchamiento político-mediático sin precedentes, al judicializar el PSOE la política municipal con fines electoralistas perversos para presentarme ante los ciudadanos como un delincuente, a pesar de ser un simple concejal honrado y honesto, cuyo único delito fue el haber formado parte de un gobierno durante escasos tres años, pero -aunque tarde- afortunadamente al fin se hizo justicia.

3.- La gravedad de tales afirmaciones han dado lugar a un cúmulo de confusiones que propició la apertura del expediente de diligencias previas 2967/2010, llevadas a cabo por el Juzgado de Instrucción número 3 de Vigo, originando mi imputación, la de dos ingenieros del Ayuntamiento y Diputación (Antonio Pérez Collazo y Rafael Llano de la Concha), así como directivos de la consultora de Ingeniería redactora del proyecto técnico realizado.

8.- A pesar de las declaraciones realizadas en sede judicial tanto por el ex-alcalde Efrén Juanes como por el Interventor y Tesorera municipales, casi inculpativas, y sin que hasta la fecha, hayan tenido la valentía de disculparse públicamente ni pedir perdón, ni por supuesto el actual alcalde Juan González en representación del PSOE y que también en aquel entonces formaba parte igualmente del gobierno como concejal de hacienda y urbanismo, ni tan siquiera a título personal reconocer que se han equivocado.

Sin embargo, a pesar de todo no guardo rencor, y espero y deseo que hechos como éste no vuelvan a repetirse jamás y que nadie tenga que pasar por lo mismo, porque lo único que hacen es enfangar la vida política y un flaco favor a la Democracia.

Seguiré trabajando con honestidad y honradez como he venido haciendo hasta la fecha, en defensa del interés general, por mal que le pese a algunos, y no descarto derivar responsabilidades.





7.2. Pide que se proceda á mellora do alumado público do camiño da Regueira en Priegue, que aínda ten farolas antigas de mercurio.

7.3. Igualmente, que se melloren as que se atopan no camiño da Pateira, desde a rúa dos Pazos ata a metade.

7.4. Que razóns obrigaron a non levar a cabo a limpeza de praias e o seu entorno na semana santa, a pesar do bo tempo?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu creo que as praias non estaban en mal estado.

7.5. Vostede dixo antes con respecto ás bandeiras azuis que era unha empresa privada. Non sei de onde o saca, eu creo que a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor consta como ONG nacional sen ánimo de lucro, que pertence a unha organización internacional FEE (Foundation for Environmental Education). Pero si me preocupa o que fixo. Eu creo que é unha cortina de fume para tapar que non se formulou en prazo a petición. Eu hoxe presenteí un escrito para pedir os informes da inspección que levou a cabo o organismo durante este tempo. Voulle a adiantar o resultado dunhas inspeccións levadas a cabo no ano 2017. Houbo varios Concellos en Galicia aos que se lle retiraron as bandeiras, Ortigueira, Fisterra, Valdoviño (en cinco praias), Dumbría, Foz, Baiona (en dúas praias) e en Nigrán en dúas praias. En case todas era porque no momento da inspección atopouse un so socorrista contratado na praia, cando o mínimo esixido son dous. Eu non sei se vostede o fixo porque ten o temor de que non se poida contratar socorristas. Se esa é a razón, a Mancomunidade ten que deixar de buscar socorristas *low cost*, ten que pagarlle adecuadamente. Ese é o motivo polo que non se presentan. Vostede cita que hai concellos que renunciaron ás bandeiras. Este informe di que o listado de renuncias voluntarias de bandeiras azuis aparece en Galicia O Vicedo, pola falta de socorristas cualificados, outra en Pontecaldelas por non ter socorristas cualificados. E por último Canarias, no Concello de Pájara renuncian voluntariamente. Creo que vostede precipitouse e que pode ser prexudicial ao non transmitirlo aos hostaleiros. Debería haberlo comunicado. Nos informes de inspección di que entre a obrigatoriedade dos criterios que se cumpren, ten que estar antes do 1 de xuño a bandeira azul izada. O Concello de Nigrán solicitou nos últimos anos unha prórroga para izar a bandeira azul con posterioridade a esa data, ante a imposibilidade de cumprir con todos os criterios esixidos. O Concello de Nigrán viña xa incumprindo os controis. Neste informe non aparece que sexa ningún motivo a festa de Praia América. Pido que reflexione.

7.6. Existe algún plan para levar a cabo a substitución das actuais lámpadas de vapor de sodio por outras de tipo *leds*? En caso contrario, que criterio se utiliza para levar a cabo o cambio? Estes obedecen sempre a subvencións outorgadas pola Xunta ou Deputación?

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: Hai varias vías. Hai as que veñen por subvención de Xunta, as que fai o propio Concello e agora virá unha que xa se tramitara fai varios anos, con fondos europeos do IDAE que xestionou directamente a Deputación. En función do que se queira cambiar, se se quere cambiar báculos e luminarias o criterio é o báculo que estea en peor estado. O criterio é cambiar





instalacións enteiras en función das antigüidade e os problemas que está dando esa instalación.

Sr. Fernández Comesaña: En varios camiños da Tarela están instaladas pantallas e lámpadas tipo *led*, mentres que noutros camiños como a Pateira aínda seguen coas vellas de mercurio. Que razón existe neste caso para que se cambiaran?

Sr. Rial Sánchez: Os medios son limitados. Neste caso completouse todo un cadro, que é o que cubre San Román, Palomar e Camiño de Comesaña. Igual que se fixo na zona da Levada ou no Viso.

Sr. Fernández Comesaña: Eu pensei que era un plan experimental, pero entendo que non o será porque o concelleiro vive naquel entorno. Hai quen o pensa.

Sr. Rial Sánchez: Era unha instalación que saltaba todas as semanas.

Sr. Fernández Comesaña: A onde van parar as luminarias vellas?

Sr. Rial Sánchez: Encárganse os electricistas de desfacerse delas nun xestor autorizado. Hai un contedor no almacén.

Sr. Fernández Comesaña: Algunhas podían utilizarse para remprazar as moi antigas.

Sr. Rial Sánchez: Debemos ter no almacén unhas 200 das que están en bo estado, desfacémonos das que están para chatarra.

7.7. No Pleno do 28 de xullo de 2016 aprobouse por unanimidade practicar a liquidación á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, AQUALIA, en aplicación da taxa do 1,5% sobre o aproveitamento especial do dominio público do solo, subsolo e voo, así como tamén comprometeuse o pasado 9 de abril do 2018 nun acordo asinado entre ambos para aprobación dos orzamentos do 2018. Todo en base a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 256/15, referida polo mesmo concepto o Concello de Cangas. Por que se nega a practicar a liquidación e dar cumprimento ao acordo plenario? Que razóns existen para non facelo?

D^a. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Simplemente non se tramitou aínda.

Sr. Fernández Comesaña: Estame vostede dicindo que desde o ano 2016 non se tramitou nada?

D^a. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Desgraciadamente, si.

Sr. Fernández Comesaña: É consciente da prescrición que está habendo de exercicios que prescriben aos catro anos? Quen é responsable de todo isto? Pode que esteamos falando de máis de 600 mil euros.

7.8. Está aprobada a liquidación do orzamento do ano 2018? En caso contrario, para cando está previsto facelo? Non esperará a atrasalo un ano como o anterior?





Sr. Alcalde-Presidente: Non está aprobado, pero non se vai atrasar tanto.

Sr. Fernández Comesaña: Pode precisar para cando?

Sr. Alcalde-Presidente: Podía dicir que para o mes de xullo, pero parece demasiado prepotente.

Sr. Fernández Comesaña: Algo haberá que facer.

7.9. Por que non se limpa o recinto das instalacións deportivas de Gaifar independentemente do conflito que haxa coa concesionaria?

Sr. Alcalde-Presidente: O concelleiro di que está todo limpo e retirado todo.

8.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

Darlle parabéns a Antonio pola resolución dese proceso xudicial, pero el fixo o mesmo co contrato da grúa cando eu era alcalde e tamén se arquivou.

Sr. Fernández Comesaña: O único que fixen foi remitir á Fiscalía uns informes do Interventor, onde lle cuestionaban a súa chapuza. Non denunciarei.

9.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

9.1. Na comentada gala do deporte agasallaron aos premiados cunha reprodución do famoso mosaico de Panxón, que vostedes dixeron que localizaron en Nova York. En realidade foi un ofrecemento do anticuario para a súa venda, non estaba perdido. Cando souberon del iniciaron xestións para a súa adquisición a través de Acción Cultural Exterior. Eu quero saber, transcorridos varios meses dese anuncio, cónstalles algunha xestión neste sentido. No caso de ser aí cales?

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos pendentes de informes que se lle solicitaron ao departamento de cultura da Deputación de Pontevedra e o museo de Pontevedra para facer un informe que avale a adquisición deste mosaico.

9.2. Cal é a situación das obras de acondicionamento do río Muiños?

Sr. Alcalde-Presidente: Estiveron paradas. No mes de novembro solicitaron parar as obras por varias razóns, unha delas as condicións meteorolóxicas desfavorables. Á parte diso, durante as obras detectaron que había que facer algúns cambios no proxecto sen modificar para nada nin facer partidas novas, nin modificar as cantidades económicas do proxecto. Foron aprobadas e amparadas polos técnicos municipais e están traballando desde fai aproximadamente quince días.

10.- D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, concelleira non adscrita:

10.1. He comprobado que se están colocando las farolas nuevas en Chandebrito. Que va a pasar con los postes actuales de luz? Se van a retirar?





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Rial Sánchez: Los que son exclusivos de alumbrado público se retirarán con posterioridad. Los que son compartidos con la red de suministro eléctrico no, porque tienen que conservarse.

10.2. Con motivo da la noticia de las banderas azules he estado hablando con hosteleros de Nigrán y les preocupa bastante ya no solo lo de las banderas azules, si no los baños públicos que están en las playas. Hay proyecto de cambiarlos? El verano está ahí y los baños están bastante mal.

Sr. Alcalde-Presidente: Desde o ano pasado cambiáronse todos por baños accesibles. Os novos, non quero dicir que sexan os mellores do mundo.

Sra. Rodríguez Rodríguez: La limpieza deja bastante que desear.

10.3. Me comentaron que la cafetería que está en el parque de Praia América ha sacado una barra en la calle. Creo que está en dominio público. Ha pedido permiso?

Sr. Alcalde-Presidente: Mirarano.

10.4. El mes pasado solicité en ruegos y preguntas las modificaciones de crédito llevadas a cabo durante estos cuatro meses de este año, que ya están subidas al portal de transparencia del Concello. Van doce. De esas doce, ninguna era susceptible de traerla al Pleno para su aprobación? No todas pueden ser aprobadas por usted de forma directa.

Sr. Alcalde-Presidente: Non sei.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

